



Relatorios 12/03/2015

Sesión da mañá

A biblioteca escolar, máis ca nunca.

CASILDO MACÍAS PEREIRA. Profesor. Responsable da Sección de Bibliotecas escolares da Consejería de Educación y Cultura do Goberno de Extremadura. Coordinador da Red de Bibliotecas Escolares de Extremadura. Responsable de xestión e desenvolvemento da campaña “Leer en familia” e do Concurso de Lectura en Público de Extremadura, entre outras iniciativas. Membro da Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares do Consejo de Cooperación Bibliotecaria. Coautor do *Marco de referencia para las bibliotecas escolares* publicado polo Ministerio de Educación (2011).

A biblioteca escolar é un espazo único para potenciar as competencias clave do alumnado do século XXI. Unha biblioteca entendida como centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe, que debe estenderse máis alá das súas paredes, para facerse visible e útil en calquera lugar, xa sexa no centro educativo ou fóra del. O seu entorno virtual non pode ser unha parte independente dela, senón extensión natural dos seus servizos para que o alumnado nativo dixital a integre como recurso imprescindible na súa vida. A aceptación e desenvolvemento equitativo dos ámbitos analóxico e dixital é imprescindible se queremos que sexan espazos útiles e eficaces nun futuro próximo.

Mesa de experiencias: Unha biblioteca para a sociedade da información – I CEIP de Leirado (Salvaterra do Miño). AURORA RAMILO ALFAYA

O papel da biblioteca nas aprendizaxes e adquisición das competencias.

A biblioteca escolar debe adaptarse ás características do centro e ás propostas do profesorado, pero tamén impulsar cambios metodolóxicos que respondan ás necesidades educativas actuais e contribuír á adquisición das competencias clave apoiando con recursos axeitados os contidos curriculares.

CPI Cruz do Sar (Bergondo). DOLORES BARREIRO FDEZ./JOSÉ A. IGLESIAS CALVIÑO *Abrindo camiños.*

A biblioteca dun CPI como punto de encontro e espazo compartido; vantaxes e inconvenientes. A coordinación dentro e fóra do centro. Cómo traballamos os nosos proxectos e campañas (Bergondo nun conto...). O papel da dirección.



Sesión da tarde

Mesa de experiencias: Unha biblioteca para a sociedade da información – II IES Rafael Dieste (A Coruña). MATILDE DA CAL CORTINA

Vincit qui patitur.

Breve paseo polos avatares dunha biblioteca de Instituto desde que comezou a transformarse no ano 2006 ata a actualidade, destacando os logros pero tamén os puntos débiles, e incidindo naqueles aspectos que favorecen a implicación de todo o centro.

Asesoría de Bibliotecas Escolares. Consellería de Cultura, Educación e O.U. ***Plan de mellora de bibliotecas escolares. Centros de nova incorporación.***

As bibliotecas do PLAMBE, unha rede en construción. O Plan LIA (Lectura, Información e Aprendizaxe) acollendo as bibliotecas escolares e a lectura en contexto educativo. Documentos de referencia para responsables de biblioteca; normativa, convocatoria, presentación de memoria, liñas prioritarias. Retos e debilidades, realidade e posibilidades, optimización de recursos e prioridades. Un repaso pola situación actual.

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

Os libros informativos: da necesidade á beleza

ANA GARRALÓN DE LA TORRE. Libreira especializada en libros infantís. Lectora crítica e tradutora para diversas editoriais. Becada pola Biblioteca Internacional de Munich. Colaboradora do FGSR, do Banco del Libro (Venezuela), Fundalectura (Colombia) Revista Emilia (Brasil)... Docente no Máster de Literatura Infantil da UAC, coordina o Diplomado en libros informativos en línea (México, Benemérita Universidad de Puebla). Colaborou co equipo organizador do Plan Nacional de lectura da SEP (México) entre 2002 e 2005. Autora dos libros *Historia portátil de la literatura infantil* e *Leer y saber. Los libros informativos para niños*. Mantén o blogue <http://anatarebana.blogspot.com.es/>

Cando están presentes os libros informativos no noso espazo de traballo? Para consultas putuais? Para facer os deberes? Son os libros informativos, por si mesmos, unha lectura pracenteira para os nenos/as? En que medida estamos axudando aos lectores a atopar nos libros informativos un camiño cara ao futuro de sociedades cheas de información?

A nosa xornada de traballo tratará de mostrar como os libros informativos poden axudarnos a ampliar a definición de lector, e como estes libros son un incipiente camiño cara a lecturas máis complexas como as que se propoñen en internet, por exemplo. Teremos a oportunidade, tamén, de revisar libros de nova creación onde as fronteiras entre "libro informativo" e "libro literario" non están tan marcadas coma nos libros tradicionais.



Relatorios 13/03/2015

Sesión da mañá

A competencia dixital na biblioteca escolar, dando pasos nunha boa dirección.

ELISA YUSTE TUERO. Licenciada en Filoloxía Inglesa e Hispánica pola Universidad de Salamanca. Máster en Edición, Literatura Infantil y Juvenil, y Lectura. Postgrao en Liderazgo y Gestión de Equipos, Protocolo y Organización de Actos. Traballou na FGSR. Participou en estudos e investigacións, na creación de publicacións, portais e aplicacións web, así como en cursos de formación presencial e virtual. Actualmente traballa como consultora e formadora no ámbito cultural, editorial, bibliotecario e educativo.

Un dos fenómenos máis interesantes da revolución dixital é a alteración dos sistemas de transmisión do coñecemento. Internet permitiu a calquera persoa, non só consumir contido, senón xeralo e publicalo; o que implica que certas competencias ou coñecementos, que antes residían nuns poucos expertos, expandíronse na sociedade, e, por conseguinte, estanse a duplicar a velocidades vertixinosas. Esta “pluralización” do saber na sociedade está impactando enormemente nos sectores cultural e educativo, e, non obstante, estes non sufriron un verdadeiro cambio disruptivo. Comunicámonos máis e mellor a través dos medios sociais, pero os espazos, os servizos... seguen a ser os mesmos en termos xerais, nun contexto no que a reinvencción resulta imprescindible para a supervivencia.

As apostas pola rexeneración baseada na formación e na alfabetización dixital e informacional, centrada nas necesidades e gustos dos máis novos, e con novas relacións de colaboración, son o futuro de bibliotecas e escolas, que deben adaptarse e transformarse se non queren perder o seu lugar.

12,15 h. - MESAS DE EXPERIENCIAS E RECURSOS		
Sala Santiago	Ana Basterra Cossío Asesora de Secundaria do Ámbito Socio-Linguístico no Berritzegune de Leioa	<i>A biblioteca escolar, un espazo para a aprendizaxe por proxectos.</i>
Sala Obradoiro (400 persoas)	Mesa 1 Mónica Muñoz. CEIP Frián – Teis (Vigo) Luz Paramio. IES Xoán Montes (Lugo)	<i>Traballo por proxectos e biblioteca escolar</i>
Sala 14 (140 persoas)	Mesa 2 Paz Fernández Pereiro. IES Ribeira do Louro (O Porriño) Carmen Bello. CEIP Vales Villamarín (Betanzos)	<i>A biblioteca, un espazo educativo - I</i>
Sala 8 (70 persoas)	Mesa 3 Julia González. CEIP Mestres Goldar (Vigo) Santiago Dans. IES Poeta Díaz Castro (Guitiriz)	<i>A biblioteca, un espazo educativo - II</i>
Sala 25 (140 persoas)	Mesa 4 Amparo Torres. IES Lois Peña Novo (Vilalba) Patricia González. CEIP A Ponte (Ourense)	<i>A biblioteca, un espazo educativo -III</i>
Sala 10 (70 persoas)	Xosé Luís Barreiro Asesoría de bibliotecas escolares	<i>O blogue da biblioteca na páxina web do centro. Posibilidades con Drupal</i>



Sesión da tarde

16,15 h. FALAMOS DE...		
SALAS	Temática	Intervención e coordinación
Sala Santiago	<i>Formación audiovisual</i>	Luís Aldegunde. CPI dos Dices (Roís)
Sala Obradoiro (400 persoas)	<i>Apps e bibliotecas</i>	Elisa Yuste
Sala 14 (140 persoas)	<i>Casística Meiga e solucións</i>	Begoña López. IES Fernando Esquío (Neda)
Sala 25 (140 persoas)	<i>Colaboración bibliotecas escolares / bibliotecas públicas</i>	Covadonga Rodríguez. CEP Xosé M ^a Brea Segade (Rianxo)
Sala 8 (70 persoas)	<i>Avaliación da biblioteca escolar</i>	Áurea Penas. IES Nosa Sra. dos Ollos Grandez (Lugo)
Sala 10 (70 persoas)	<i>Unha biblioteca adaptada a centros específicos:</i> CRA, CIFP, CMUS, CEE, EOI, EPA...	Juan Casal. CIFP Ferrolterra (Ferrol)

Ciencia, divulgación, aprendizaxe e biblioteca escolar.

ÁNGEL CARRACEDO

Licenciado e Doutor en Medicina pola Universidade de Santiago con premio extraordinario. Director da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (Consellería de Sanidade – Xunta de Galicia). Catedrático de Medicina Legal da USC e Director do Instituto de Medicina Legal da USC (1994-2012). Director do Centro Nacional de Genotipado e Membro do CIBER de enfermidades raras. Con 10 libros e máis de 500 artigos en revistas científicas. As súas principais liñas de investigación actuais inclúen a farmacoxenómica, a xenética do cancro e a xenética de enfermidades psiquiátricas en idade infanto-xuvenil. Membro do *board* de sociedades nacionais e internacionais de diferentes ramas médicas e de organismos reguladores. Premio Rey Jaime I (referente da investigación en España), Nova Santos, Prismas de divulgación...; Medalla Galien, Adelaida, de Ouro e Plata de Galicia e Castelao. Doutor Honoris Causa por varias universidades de Europa e América.

Haberá que romper unha lanza a favor da necesidade dun cambio profundo no modelo educativo tanto no que se refire a contidos como na maneira de aprendelos, da importancia de espertar a curiosidade e o gusto polo coñecemento (e por ende da lectura) e os trucos que nos posibilitarán facelo.

<http://www.edu.xunta.es/web/cafi/761>



CAFI centro autonómico
de formación e innovación

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

